



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Por Resolución desta Alcaldía nº 375/2024 de data 16 de decembro de 2024 aprobouse levar a puro e debido efecto o acordado na sentenza ditada polo Xulgado contencioso administrativo núm. 2 de A Coruña e convocar aos membros do Tribunal designado no proceso de selección para a provisión en propiedade por persoal funcionario dunha praza de Traballador/a social

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 16 de decembro de 2024. O Alcalde en funcións. Alberto Cortizas Rejo

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: EMPRAZAMENTO TRIBUNAL CUMPRIMENTO SENTENCIA CONTENCIOSO PRAZA TRABALLADOR SOCIAL ESTABILIZACION
EXPEDIENTE: 2024/G003/000388

ANTECEDENTES:

En data 19 de marzo de 2024, con número de rexistro de entrada 20240000000193 recíbese, neste Concello, citación remitida polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 de Coruña, como Administración demandada en virtude da demanda interposta por D. P.P.P. contra o Concello de Monfero, sobre dereitos e outros extremos, procedemento abreviado núm. 0000026/2024-M, NIG 15030 45 3 2024 0000091.

Logo de ver a Sentencia estimatoria de data 31/07/2024 ditada neste recurso, e o escrito do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 de Coruña de data 28 de outubro de 2024, con número de rexistro de entrada 20240000000959, polo que se comunica a firmeza da mesma e se insta a que se leve a debido efecto o acordado na mesma.

Examinada a mesma e considerando que conforme ao artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde a Alcaldía a competencia para a adopción desta resolución, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Levar a puro e debido efecto o acordado na sentenza 00166/2024 de data 31/07/2024, ditada por Don Enrique García Llovet, Maxistrado-Xuiz do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 de A Coruña relativa ao procedemento: PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000026/2024 M, convocando aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a provisión en propiedade por persoal funcionario de carreira dunha praza de Traballador/a Social pertencente ao grupo/subgrupo A2, incluída na OEP extraordinaria para a estabilización de emprego temporal do Concello de Monfero de 2021, nomeados por Resolución da Alcaldía número 103/2023 de data 03/03/2023, citándoos para que asistan á convocatoria, de forma presencial ou mediante conexión a distancia, na Casa Consistorial de Monfero o mércores, 18 de decembro de 2024, ás 17:00 horas, para os efectos de dar cumprimento ás declaracións contidas no fallo e proceder a emitir unha nova valoración dos méritos dos/as candidatos/as de acordo ao ditado na sentenza.

SEGUNDO. Dar traslado, aos membros do Tribunal, da citada sentenza así como das bases da convocatoria do proceso selectivo para a provisión en propiedade por persoal funcionario de carreira

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

dunha praza de Traballador/a Social, incluída na OEP extraordinaria para a estabilización de emprego temporal do Concello de Monfero de 2021.

TERCEIRO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>) da súa páxina web (concellodemonfero.com).

CUARTO.- Notificar esta resolución aos membros titulares do Tribunal, que terán o expediente á súa disposición na Secretaría do Concello

QUINTO.- Dar traslado, así mesmo, desta resolución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña

Monfero, 17 de decembro de 2024
O Alcalde en funcións,
Alberto Cortizas Rejo